

SERVIZO DE ORIENTACION LABORAL EN MEDIO PENITENCIARIO

FINALIDADE:

O programa pretende facilitar a inserción social a través da incorporación ao mercado laboral da poboación recluída destinataria: réxime común en proceso de excarceración (segundo grao de tratamento, art. 100.2, terceiro grao, liberados condicionais, persoas recentemente excarceradas, etc.); a través dunha metodoloxía fundamentada no deseño e seguimento de itinerarios personalizados de inserción.

OBXECTIVO XERAL:

Favorecer a formación integral dos/as internos/as e mellorar a súa cualificación profesional, competencias profesionais e persoais cara a súa inserción social e laboral no momento da excarceración, facilitando a súa integración na sociedade.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- ✓ Desenvolver un conxunto de actuacións para que a poboación reclusa destinataria poida adquirir ou completar a súa cualificación e competencias profesionais.
- ✓ Facilitar as técnicas de busca de emprego máis apropiadas para acceder ao mercado laboral.
- ✓ Proporcionar apoio e orientación para o autoemprego.
- ✓ Orientar, acompañar e realizar o seguimento do proceso individual de inserción laboral.

ACTIVIDADES:

- Itinerarios personalizados de inserción
- Talleres de busca de emprego, alfabetización dixital e habilidades sociais
- Capacitación técnica con prácticas en empresas

LUGAR E DATAS DE REALIZACIÓN:

Centro Penitenciario de Teixeiro (Curtis), Centro de Inserción Social “Carmela Arias y Diaz de Rábago” (A Coruña)

Do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017